

## A LEXISLACIÓN QUE REGULA A FORMACIÓN PROFESIONAL INICIAL EN GALICIA: CAMBIOS E NOVAS PROPOSTAS A PARTIR DA LOE (2006)

Antonio Rial Sánchez  
Laura Rego Agraso  
Raquel Mariño Fernández  
Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMO

O artigo que presentamos a continuación ten como obxectivo dar a coñecer a lexislación que regula as ensinanzas de Formación Profesional Inicial na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta normativa ten o seu marco regulador inicial na LOXSE (1990), xa que con ela se implantaron os novos ciclos formativos, comezando a constituírse o Sistema Galego das Cualificacións Profesionais. Sen embargo, no ano 2006 publícase a Lei Orgánica de Educación (LOE) (BOE 04.05.2006) a partir da cal se volve reformular a situación da Formación Profesional tras constatar algunhas das carencias existentes. Analizaremos así, a nova lexislación autonómica que desenvolve as propostas da actual lei orgánica estatal en vigor con respecto á Formación Profesional que se imparte dende o Sistema Educativo Galego.

**Palabras Clave:** Formación Profesional Inicial; Lexislación educativa; Cualificacións; Programas de Cualificación Profesional Inicial; Ciclos Formativos.

### ABSTRACT

The item that present next has such as an objective to announce the legislation that Initial Vocational Training teachings regulates in the Autonomous Community of Galicia. This regulation has his initial regulatory framework in the LOGSE (1990), since the new learning process were introduced with it, beginning to constitute the Galician System of Professional Ratings. However, in 2006 is published the Education Organic Law, from which turns around to rethink the situation of the Vocational Training after confirming some existing deficiencies. We will analyze the autonomous new legislation that develops the proposals of the organic law in force with respect to the Vocational Training that is given from the Galician Educational System.

**Key Words:** Initial Vocational Training; educational Legislation; Qualifications; Initial Professional Qualification Programs; Learning Cycles.

### 1. OS ANTECEDENTES: A IMPLANTACIÓN DOS CICLOS FORMATIVOS LOXSE EN GALICIA E A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS

Trala publicación da LOXSE (1990) a nivel estatal, foron moitas as variables que mudaron na ordenación autonómica da Formación Profesional, tendo en conta que en materia de FP Inicial as competencias están transferidas.

Concretamente, na lexislatura 1998-2001 o goberno da Xunta de Galicia presentou perante os axentes sociais un Plan de Crecemento e Emprego para Galicia (Mira Lema, 1998: 45), no cal xa se considera á FP como unha liña na política activa de emprego. De feito, enténdese como un recurso para a mellora da ocupabilidade dos desempregados no noso territorio. Neste Acordo tamén se afirma, por parte da Xunta de Galicia e dos representantes empresariais e sindicais, que o obxectivo prioritario vai ser o desenvolvemento total en Galicia do II Programa Nacional de FP. É aquí onde comezou a fraguarse a creación do Consello Galego de FP e do Instituto Galego das Cualificacións, chegando os asinantes a ese acordo.

Dada esta nova situación, comézase a artellar o *Sistema Galego de Cualificacións Profesionais* e en 1999 créase o devandito Consello Galego de Formación Profesional<sup>1</sup>, o cal ven a substituír ao Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais. Este novo órgano vai depender da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, vai exercer funcións de asesoramento e consulta para con esta, en todo o referente á Formación Profesional. Conformado por representantes das Consellerías de Educación e Traballo e das organizacións empresariais e sindicais, entre as súas competencias, estarán a elaboración dos plans galegos de Formación Profesional, a realización de informes acerca da oferta existente na comunidade e das programacións e accións de FP levadas cabo.

O Decreto polo que se crea este Consello será modificado no ano 2003 trala aparición no ámbito estatal da Lei Orgánica de Cualificacións e FP (2002). O cambio máis relevante alude ao aumento das competencias do propio Consello e á creación dunha Unidade Técnica de Apoio ao mesmo<sup>2</sup>. Así, o obxectivo principal que ten este organismo é coordinar tódalas accións de Formación Profesional que se leven a cabo no territorio autonómico de Galicia.

De forma case simultánea á creación do Consello Galego de Formación Profesional publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG) o Decreto 93/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Instituto Galego das Cualificacións (DOG 19.04.99). Trátase dun órgano de carácter máis técnico que será o brazo executor das disposicións e liñas de traballo aprobadas polo Consello. A diferenza do mesmo, o Instituto Galego das Cualificacións vai depender administrativamente da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude<sup>3</sup>. Dito Instituto vai contar, tal e como se establece no artigo 2.2.º do Decreto da súa creación, cun Observatorio cunha base de datos que deberá promover a coordinación con outros Observatorios territoriais e tamén cos sectores produtivos. En definitiva, o Instituto Galego das Cualificacións deberá velar en Galicia pola consolidación e mellora

---

<sup>1</sup> Este Consello créase mediante o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional (DOG 05.05.99), o cal deroga o Decreto 223/1994, do 7 de xullo, polo que se regula o Consello Xeral de Ensinanzas Técnico-Profesionais (DOG 18.07.94).

<sup>2</sup> Estes cambios teñen efecto trala promulgación do Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional (DOG 14.04.03).

<sup>3</sup> Actualmente esa mesma consellería pasou a denominarse Consellería de Traballo e Benestar e o Instituto Galego das Cualificacións é unha Subdirección Xeral adscrita á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería citada.

permanente do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais, xa que tanto o propio instituto como o Consello Galego de FP foron creados ao abeiro do II Programa Nacional de FP.

Precisamente co obxectivo de desenvolver o devandito Programa Nacional nace o I Plan Galego de Formación Profesional (2002-2006), a partir do cal se poñen en marcha distintos programas de actuación. Realmente este plan establece unha serie de obxectivos moi ambiciosos, xa que a finalidade vai ser acadar o máximo grao de desenvolvemento dun Sistema Galego de Cualificacións. Sen embargo, aparecen moitas propostas para darlles cabida unicamente en catro anos. De feito, moitos dos programas de actuación citados non van chegar a facerse realidade, xa que están definidos dunha forma moi abstracta e sen especificar realmente os mecanismos a través dos cales se van poñer en marcha. A pesar de todo, este plan supuxo un primeiro impulso para desenvolver unha maior e mellor integración dos subsistemas de FP existentes no momento e un marco amplo para a instauración dos novos ciclos de Formación Profesional propostos pola LOXSE (1990).

Para establecer a planificación e distribución da oferta de Formación Profesional Específica, decidiuse *tomar a comarca como ámbito territorial de referencia* (Mira Lema, 1998: 31), tendo así en conta a regulación do territorio establecida polo mapa comarcal de Galicia<sup>4</sup>. A pretensión é lograr unha sincronía entre o territorio económico e administrativo e as medidas de carácter educativo, logrando casar a formación coa inserción.

Así, entre os anos 1993 e 2002 foise constatando en Galicia a progresiva desaparición da Formación Profesional regulada pola antiga Lei Xeral de Educación (1970) a favor da implantación dos novos ciclos formativos LOXSE (1990). Estes comezaron a instaurarse en Galicia no ano académico 1995/1996 (Rial Sánchez, 2005: 02), sendo a oferta existente de 60 ciclos, dos cales 48 eran de




Gráfico 1. Distribución dos ciclos formativos de grao medio por familias profesionais no ano 1995/1996. Fonte: Rial Sánchez (2005:03).

<sup>4</sup> O mapa comarcal de Galicia aparece definido e regulado polo Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Mapa de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (DOG 03.04.1997).

grao medio e 12 de grao superior. As familias profesionais ás que pertencían tamén eran moi poucas en comparación coas existentes hoxe en día, xa que o abanico estaba formado unicamente por 7. A continuación podemos ver a distribución existente dos ciclos de grao medio en función da familia profesional de pertenza.

Cabe destacar a maioritaria presenza de ciclos pertencentes á familia de Electricidade e Electrónica (54%), seguidos polos que estarían incluídos na familia de Mantemento de Vehículos Autopropulsados (19%) e Administración (13%). Polo que respecta aos ciclos de grao superior, a distribución segundo as familias profesionais sería a seguinte:




Gráfico 2. Distribución dos ciclos formativos de grao superior por familias profesionais no ano 1995/1996. Fonte: Rial Sánchez (2005:03).

Destacamos a tripla existencia de familias con idéntica representación: Informática, Edificación e obra civil e Administración, todas elas co 25% dos ciclos. En menor medida aparecen as restantes familias profesionais, destacando especialmente as Actividades marítimo-pesqueiras co 9% dos ciclos impartidos na comunidade. Ao mesmo tempo, as familias profesionais non son as mesmas que no caso dos ciclos de grao medio, coincidindo só as de Actividades marítimo-pesqueiras e Administración en ámbolos dous. Ademais, o número de familias vese reducido no caso dos ciclos de grao superior, xa que son só 6 as que comprenden a algún ciclo que se este levando a cabo.

Deste xeito, das 22 familias profesionais existentes no momento en España, en Galicia só se estaban levando a cabo 11. Posteriormente, no ano 1996/1997 aumenta considerablemente a oferta, xa que en total pasan a levarse a cabo 138 no conxunto do territorio. En consecuencia aumenta o número de familias profesionais, destacando sen embargo as ausencias de ciclos procedentes das familias de Actividades agrarias, Industrias Alimentarias, Têxtil e Vidro e Cerámica. Esta evolución no número de ciclos ofertados foise dando de forma progresiva ano a ano, chegando no 2000/2001 a ter en funcionamento 318 ciclos de grao medio e 245 de grao superior pertencentes ás 22 familias profesionais existentes.

Por outra banda, coa publicación da LOCFP no ano 2002 comezáronse a realizar novos proxectos para valorar o estado da Formación Profesional en Galicia. Destacan especialmente os estudos que analizan a inserción laboral dos titulados/as nos novos ciclos de Formación Profesional, entendendo a inserción como un dos obxectivos inescusables que deben lograr os ciclos formativos e avanzando un paso máis na vinculación formación-emprego.

A inserción laboral en tódolos ciclos formativos ao seu remate supera o 30% dos titulados/as no ano académico 2003/2004 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2006:13), sendo os que atopan traballo con máis facilidade os procedentes de Madeira e moble (78'1%), Fabricación mecánica (74'80%) e Imaxe persoal (72'80%). Pola contra, as tres familias profesionais que menos inserción acadan nos titulados do devandito ano son Sanidade (38'30%), Comunicación, Imaxe e Son (41'50%) e Química (43'80%). Dende este período ata a aparición da LOE (2006) no panorama nacional, o número de alumnos/as da Formación Profesional non deixou de medrar de forma progresiva. Podemos observar esta subida no gráfico seguinte:




Gráfico 3. Evolución do número de alumnos/as matriculados en ciclos de Formación Profesional no período 2002-2006. Fonte: Rego Agraso (2009:123) a partir dos datos do Instituto Galego das Cualificacións.

Ao mesmo tempo, cabe constatar a baixada experimentada no ano 2005/2006, xa que o número de alumnos/as decrece con respecto a anos anteriores. Neste mesmo ano é publicada a LOE (2006), polo que os currículos e as diferentes normativas comezan a mudar de novo. A continuación trataremos de ver cales foron esas normas e en que aspectos cambiaron o sistema.

## **2. LEXISLACIÓN DERIVADA DA LOE (2006) QUE REGULA A FORMACIÓN PROFESIONAL NA ACTUALIDADE EN GALICIA.**

Trala promulgación da LOE (2006) comezou a aparecer unha nova lexislación na nosa comunidade autónoma que ía encamiñada a adaptar a Formación Profesional ás disposicións da mesma, así como ás propostas da LOCFP (2002). Este desenvolvemento da LOE (2006) na nosa comunidade trouxo consigo a aparición dunha serie de decretos e ordes, os cales foron dando forma a modificacións especialmente relevantes neste nivel do sistema educativo.

Desta lexislación máis actual ímonos centrar naquelas normas que, pola súa temática específica, regulen de forma xeral as ensinanzas de Formación Profesional que se imparten dende o sistema educativo galego ou algún aspecto relevante das mesmas. Deste xeito, podemos destacar as seguintes:

- Orde do 28 de febreiro do 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 08.03.07)
- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior. (DOG 07.05.07)
- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG 09.08.07). Por motivos de adecuación ao espazo deste artigo non imos aludir a esta normativa na análise posterior.

Por outra banda, tamén é preciso deterse nas ordes que regulan os Programas de Cualificación Profesional Inicial na nosa comunidade, xa que estes tamén poden ser entendidos como Formación Profesional Inicial. A normativa á que aludimos é a seguinte:

- Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.05.08).
- Orde do 31 de xullo de 2008 pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 18.08.08). Nesta Orde non se establece nada especialmente novidoso con respecto á organización dos PCPIs, xa que isto xa quedou resolto previamente coa Orde anterior. Sen embargo, reflíctense nos anexos cales van ser os centros específicos encargados de impartir os módulos obrigatorios no ano académico 2008/2009, aclarando así cal vai ser a oferta existente con respecto aos mesmos<sup>5</sup>.

---

<sup>5</sup> Esta Orde foi modificada posteriormente pola Orde do 31 de outubro de 2008 e os cambios realizados aluden a unha redistribución dos centros que imparten PCPIs, nas súas distintas modalidades, na comunidade autónoma.

## 2.1. A Orde do 28 de febreiro do 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial (DOG 08/03/2007)<sup>6</sup>.

Esta é a primeira orde sobre a Formación Profesional Inicial que ve a luz mantendo a LOCFP (2002) e a LOE (2006) como marco regulador aparecendo para ordenar un dos aspectos máis relevantes e característicos do currículo destas ensinanzas: os módulos profesionais de Formación en Centros e Traballo (FCT). Na propia orde enténdese por módulo FCT (artigo 2º): *Un bloque coherente de formación profesional que se desenvolve en empresas ou institucións en situacións reais de traballo.*

A organización e funcionamento destes módulos FCT vai depender dos coordinares/as e titores/as da FCT nos propios centros educativos. A figura do coordinador/a, en representación do director/a do centro, vai ser responsable de contactar coas empresas, solicitar a admisión de alumnos/as e posteriormente, asinar con eles os convenios específicos de colaboración. Ditos convenios poderán ser asinados con *empresas, agrupacións ou asociacións de empresas, institucións públicas ou entidades privadas* (artigo 4º), polo que toda institución que se insira nalgunha destas denominacións será susceptible de acoller alumnos/as para a realización do módulo FCT. Nos convenios citados anteriormente, vaise regular a duración prevista do módulo e o seu período de desenvolvemento, así como aclaracións sobre a natureza non xurídica para os efectos laborais dos alumnos/as (estes non poden ocupar ningún posto de traballo existente da empresa). Incidindo nestas cuestións, trátase de evitar que os alumnos/as sexan empregados como man de obra do traballo somerxido ou que as empresas os utilicen para cubrir baixas ou substitucións. Un dos aspectos máis novidosos desta orde, é a proposta que se fai no artigo 7º, onde se indica que o titor/a de FCT deberá establecer un calendario de visitas aos centros de traballo, sendo de obrigatorio cumprimento realizar dúas durante o período de desenvolvemento da mesma, así como outras previas para a xestión do módulo co empresario/a. Semella interesante que a persoa responsable do centro educativo se traslade á entidade acollidora do alumno/a da FCT para constatar e observar cales son as tarefas que este desenvolve e que capacidades vai consolidando, xa que só deste xeito, será posible acadar a consecución da competencia profesional.

Con respecto á programación do módulo, esíxese a realización da denominada carpeta de seguimento e avaliación da FCT. Esta carpeta deberá ser xestionada polos centros educativos (artigo 8.1º), sendo o propio alumno/a o encargado do seu cumprimento. Os documentos que deberán formar parte dela son: a Identificación da carpeta; o Plan individualizado de traballo; as Follas semanais para o seguimento da actividade e a Validación do contido da carpeta pola secretaría do centro.

Por outra banda, na propia orde tamén se establecen as funcións concretas que cada axente implicado no desenvolvemento deste módulo deberá cumprir, dentro das cales chama especialmente a atención que non se fale das funcións relativas ao/á responsable do centro de traballo, xa que vai ser en principio o encargado/a de desenvolver as actividades formativo-productivas descritas no plan

---

<sup>6</sup> Esta orde tamén regula os módulos FCT correspondentes aos Programas de Cualificación Inicial, polo que deberán cumprir o disposto nela, independentemente das novas disposicións que poidan xurdir e que regularán o seu funcionamento global de forma máis directa (artigo 16.2º).

individualizado xunto co propio alumno/a. Ademais, dito plan deberá estar realizado polo titor/a da FCT e polo responsable do centro de traballo, a pesar de que non se lle atribúe na orde esta función directamente nin tampouco outras de carácter formativo ou doutra índole. Deste xeito, só se lle atribúen funcións específicas ao director/a do centro, ao coordinador/a do módulo FCT, ao titor/a da FCT e á Administración Educativa.

## **2.2. A Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional. (DOG 07.05.07)**

Trala organización e regulación dos módulos FCT, aparece a Orde que lexisla o desenvolvemento xeral dos ciclos formativos en Galicia. Esta nace baixo o marco da LOE (2006) e da LOCFP (2002), así como do R.D. 1538/2006, polo que se establecen os aspectos básicos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo.

Un dos primeiros aspectos que se regula é un vello compañeiro de viaxe da ordenación da Formación Profesional Inicial: a diversificación das vías para a obtención dos títulos. Segundo artigo 2º, os títulos van poder obterse a través das ofertas de ensinanzas regradas por réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas (oferta parcial por módulos e con modalidades presencial, semipresencial ou a distancia), ou ben, mediante a *superación de probas organizadas para a súa obtención directa*. Aparece así unha nova vía de acceso aos títulos, a cal xa estaba prevista na propia LOE (2006), sendo especialmente significativa a aparición de distintas modalidades no réxime de persoas adultas: presencial, a distancia e semipresencial, engadíndose esta última ás dúas anteriores propostas pola LOE (2006). Poderán acceder ao réxime de persoas adultas, en calquera das súas modalidades, todas aquelas persoas maiores de 18 anos ou ben, aqueles que, sendo maiores de 16 anos acrediten a súa condición de traballadores/as ou deportistas de alto rendemento. Trátase así de aumentar a flexibilidade destas ensinanzas e de promover a súa adecuación ás necesidades reais das persoas en activo.

No que respecta á outra vía de acceso para acadar os títulos de Técnico e Técnico Superior, as probas libres, establécese que a Consellería de Educación deberá convocalas anualmente determinando cales van ser os títulos que se poderán obter. Segundo a LOE (2006), os requisitos de idade para poder presentarse a estas probas son ter 18 anos para os títulos de Técnico e 20 para os títulos de Técnico Superior, quedando isto reflectido no artigo 17º da presente Orde. No caso de que xa se posúa o título de Técnico, o alumno/a pode presentarse ás probas para a obtención do Título de Técnico Superior con 19 anos cumpridos. Ao mesmo tempo, aquelas persoas que cursen a FP Inicial no réxime de persoas adultas, poderán presentarse a estas probas para superar aqueles módulos profesionais que teñan pendentes.

Con respecto ao profesorado (artigo 20º) a situación non sofre cambios: cada módulo será impartido por un só docente e o número de profesores/as que van conformar o equipo docente será o menor posible. As novidades veñen unha vez máis, da man da LOE (2006), xa que aparece a posibilidade de contratar a profesionais especialistas que non estean necesariamente titulados pero que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral en cuestión. Por outra banda, o profesor de Formación e Orientación Laboral, módulo obrigatorio de tódolos ciclos, vaise incorporar ao Departamento



de Orientación do centro, sendo o encargado de realizar, entre outras, a seguintes funcións (artigo 22.2º): Informar ao alumnado sobre o marco legal de traballo; Orientar sobre xeitos e procedementos de inserción laboral ou deseñar actividades para que o alumno/a elabore o seu itinerario de procura de emprego.

Dadas as condicións propostas, régulanse con esta Orde os 142 ciclos formativos que se imparten en Galicia, pertencentes ás 26 familias profesionais, dos cales 64 son de grao medio e 78 de grao superior<sup>7</sup>.

### **2.3. A Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial en Galicia (DOG 23.05.08).**

Esta Orde é a proposta para o desenvolvemento normativo dos novos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) que cita a LOE (2006) e aos que tamén alude outra normativa, tanto estatal como autonómica. No caso desta última, merece a pena destacar que xa no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13.07.07), se citaban estes programas de cualificación e se comezaba a realizar unha primeira aproximación a como debería realizarse a súa posta en marcha nos centros. Sen embargo, poucas novidades se introducían con respecto ao xa indicado na LOE (2006) e noutros Reais Decretos precedentes<sup>8</sup>, polo que nos imos centrar na análise desta Orde do 13 de maio de 2008.

Un dos primeiros aspectos que merece a pena destacar dos Programas de Cualificación Profesional Inicial é a súa finalidade, a cal se indica no artigo 2º da citada Orde: *previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación dos mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa*.

Trátase pois, dunha alternativa máis que flexibiliza o sistema educativo, abrindo novas vías para chegar á obtención dunha titulación mínima. Establécese o certificado de profesionalidade, é dicir, unha cualificación profesional de nivel I do Catálogo Nacional de Cualificacións, como o título mínimo esixible para pasar a formar parte do mercado laboral, sendo a súa obtención por parte daqueles alumnos/as con máis dificultades para acadar o título de ESO, os principais destinatarios destas accións. Ten, polo tanto, un dobre obxectivo profesional e académico, o cal implica a necesidade de atraer aos alumnos/as cara a mellora da cualificación a través da súa reincorporación aos estudos regrados, mais mantendo sempre a inserción sociolaboral como finalidade última.

---

<sup>7</sup> En Galicia fóronse implantando progresivamente novos ciclos formativos ata consolidar a existencia das 26 familias profesionais plasmadas no Catálogo Nacional das Cualificacións. Ademais, tomando como base lexislativa a LOE (2006) estanse renovando os currículos e perfís profesionais de moitos dos ciclos, así como creando outros novos que non existían ata o de agora.

<sup>8</sup> Falamos do R.D. 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria (BOE 05.01.07) e do R.D. 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo (BOE 03.01.07).

Neste senso, para acceder aos PCPIs, tal e como se establece no artigo 5º, será necesario ter entre 16 e 19 anos e carecer do título de educación secundaria obrigatoria<sup>9</sup>.

Os módulos dos PCPIs serán de tres tipos (específicos, formativos de carácter xeral e voluntarios para a obtención do graduado en ESO), sendo obrigatorio que tódolos alumnos/as cursen os dous primeiros. Tal e como aparece sinalado no Decreto 133/2007, que regulaba a educación secundaria en Galicia, van coexistir distintas modalidades de PCPIs:




Ilustración 1. Modalidades dos PCPIs en Galicia. Fonte: Rego Agraso (2009: 140) a partir do artigo 11º da Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.05.08).

Do mesmo xeito, nesta norma establécese todo o relativo ao profesorado que se vai encargar de impartir os módulos formativos de carácter xeral, así como os condutores á obtención do título de graduado en ESO. Con respecto aos módulos específicos só se indica que as titulacións requiridas para impartilos serán establecidas na normativa que estableza cada un dos perfís profesionais de cada PCPI. Con respecto aos demais docentes os requisitos establécense en función do módulo que impartan, quedando tal como segue.

Ao mesmo tempo, a avaliación será continua aínda que diferenciada para cada módulo obrigatorio, tal e como se establece nos artigos 21.1º e 21.2º, requirindo a asistencia obrigatoria do alumno/a. Así mesmo, establécese que para realizar a avaliación do módulo de FCT será necesaria a colaboración da persoa responsable do alumno/a no centro de traballo. Non se alude sen embargo, á

<sup>9</sup> De forma excepcional, os alumnos/as que con 15 anos teñan cursado 2º da ESO sen posibilidade de promocionar a terceiro, tendo xa repetido curso unha vez ao longo da etapa, poderán acceder a un PCPI, sempre e cando se comprometan a cursar os módulos voluntarios para a obtención do título de graduado en ESO.

Módulo Formativo Xeral: Competencia comunicativa e dixital.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preferentemente mestres/as</li> <li>• Ou ben, profesores/as de ensino secundario</li> <li>• Especialidades de Lingua e literatura castelá ou galega.</li> </ul>
Módulo Formativo Xeral: Sociedade e Cidadanía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preferentemente mestres/as</li> <li>• Ou ben, profesores/as de ensino secundario</li> <li>• Especialidades de Xeografía e Historia.</li> </ul>
Módulo Formativo Xeral: Científico-Tecnolóxico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preferentemente mestres/as</li> <li>• Ou ben, profesores/as de ensino secundario</li> <li>• Especialidades de Tecnoloxía, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía ou Física e Química.</li> </ul>
Módulo Formativo Xeral: Iniciativa persoal e relacións laborais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesores/as de ensino secundario de Formación e Orientación Laboral.</li> <li>• Ou ben, de Economía ou de Xeografía e Historia sucesivamente.</li> </ul>
Módulos conducentes á obtención da ESO.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesorado determinado na normativa específica de regulación da ESO para adultos.</li> </ul>

Ilustración 2. Requisitos de profesorado para os Módulos Formativos Xerais e os conducentes á obtención da ESO nos PCPIs en Galicia. Fonte: Rego Agraso (2009: 141 ) a partir do artigo 19º da Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.05.08).

colaboración desta persoa no caso de impartirse tamén os módulos específicos no centro de traballo, tal e como posibilita a modalidade C. Outro dos aspectos que quedaba sen clarificar en canto aos PCPIs desta modalidade era o feito de quen ían ser os encargados de impartir os módulos específicos nos contornos produtivos e que requisitos se lles ían solicitar, o cal aparecerá indicado nos currículos de cada un dos perfís profesionais dos PCPIs.

### 3. CONCLUSIONES

A pesar dos avances e retos acadados con esta nova lexislación encargada de desenvolver as propostas LOE (2006), seguen existindo baleiros legais que non chegan a dar cobertura á totalidade de situacións que se poden desencadear nos contextos formativos e produtivos. Inicialmente, podemos destacar que, aínda que na Orde que regula o módulo de FCT (Orde do 28 de febreiro do 2007) se establece a consecución dun convenio de colaboración entre o centro acolledor do alumno/a e o centro educativo, para evitar praxes negativas ou que non repercutan na formación do alumno/a, senón no beneficio a curto prazo da empresa, consideramos necesaria a realización dunha avaliación e seguimento por parte do centro educativo e tamén por parte dos propios alumnos/as. Deste xeito, seguindo o proposto no artigo 4.2º da presente orde, o convenio sería rescindido en caso de existir irregularidades manifestas.

Outro dos aspectos máis significativos nesta lexislación que vimos de analizar é o feito de non referirse directamente ás funcións ou requirimentos que deben ter formadores/as encargados/as

do alumno/a nos centros de traballo. Tanto na Orde que regula os módulos FCT, como na que alude aos PCPIs (Orde do 13 de maio de 2008), evítase incidir de forma directa no papel que o responsable da empresa vai xogar na formación do alumno/a, tanto á hora de xestionar o módulo FCT, como de impartir os módulos específicos, no caso de PCPIs de modalidade C mixta.

Do mesmo xeito, bótase en falla unha maior implicación das autoridades públicas no desenvolvemento da modalidade de persoas adultas na Formación Profesional. A pesar do indicado na LOE (2006) e na Orde que regula o desenvolvemento dos ciclos formativos (Orde do 23 de abril de 2007), esta nova proposta debería ir acompañada dun programa de promoción, información e asesoramento que trate de chegar á poboación activa para a atraelos de novo á formación, xa que só así lograrán certificar a súa cualificación real. Ao mesmo tempo, cabería tamén promover unha nova Orde ou resolución que regule especificamente as ensinanzas de Formación Profesional Inicial para as persoas adultas, establecendo recursos materiais e humanos específicos para que estas ensinanzas se poidan comezar a levar a cabo.

Por último, cabe destacar a importancia que vai ter a coordinación por parte da Consellería nas modalidades C mixta e externa, xa que unha gran parte da formación ou toda ela, vaise realizar fóra dos centros educativos, o cal pode implicar unha ausencia de control sobre o propio proceso formativo. Ademais, sería interesante establecer que formación vai ser necesaria para impartir ditos módulos específicos por parte da persoa que se vai encargar do alumno/a noutra institución distinta da escolar. Ao implantar un PCPI debemos certificar que o alumno/a vai estar en mans de profesionais cualificados tanto a nivel profesional como didáctico, xa que a duración dos módulos obrigatorios é de 900 horas, sendo a carga horaria dos específicos de 580, incluído o módulo de FCT, tal e como queda establecido no artigo 12.2º e 8.4º da Orde do 13 de maio de 2008.

#### 4. BIBLIOGRAFÍA

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2006).** *Estudo da inserción laboral dos titulados de Fp que remataron estudos no curso 2003-2004*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- MIRA LEMA, J.L. (1998).** Un novo modelo de Formación Profesional. Implantación en Galicia. En *Revista Galega do Ensino*, 20 –Especial Formación Profesional– 21-47.
- REGO AGRASO, L. (2009).** *A relación entre a oferta de Formación Profesional Inicial e o mercado laboral nos territorios comarcais: o Barbanza. Traballo de Investigación Tutelado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- RIAL SÁNCHEZ, A. (2005).** La implantación de los ciclos formativos en la Comunidad Gallega 1995-2000. Relación ciclos formativos-mercado de traballo. En Jiménez, B. e Megía, R. (2005). *Formación Profesional: orientaciones y recursos*. Barcelona: Paidós.
- RIAL SÁNCHEZ, A. e LORENZO MOLEDO, M. (2009).** *A formación para o traballo en Galicia: da ensinanza obreira á profesional*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## LEXISLACIÓN

- Lei Orgánica 1/1990, do 03 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) (BOE 04.10.1990).
- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional (BOE 20.06.2002)
- Lei Orgánica 2/2006, do 03 de maio, de Educación (LOE) (BOE 04.05.2006)
- Real Decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. (BOE 03.01.2007)
- Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria (BOE 05.01.07)
- Decreto 223/1994, do 7 de xullo, polo que se regula o Consello Xeral de Ensinanzas Técnico-Profesionais (DOG 18.07.94).
- Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Mapa de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (DOG 03.04.1997).
- Decreto 93/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Instituto Galego das Cualificacións (DOG 19.04.99).
- Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional (DOG 05.05.99)
- Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional (DOG 14.04.03).
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13.07.07)
- Orde do 28 de febreiro do 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 08.03.07)
- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior. (DOG 07.05.07)
- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG 09.08.07).
- Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.05.08).
- Orde do 31 de xullo de 2008 pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 18.08.08).
- Orde do 31 de outubro de 2008, pola que se modifica a Orde do 31 de xullo de 2008, pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na comunidade autónoma de Galicia (DOG 13.11.2008).